



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA CON DATA DE 4 DE FEBREIRO DE 2016

Asistentes

Presidente: Don Jorge J. Tuñas Caamaño

Sres. Tenentes de Alcalde: Don Manuel Angel Leis Míguez, Dona M^a del Mar García Vidal.

Secretaria : Dona Asunción García Laseca

Interventor: Don Francisco Javier Portela Amor.

No Salón de Plenos da Casa Consistorial, sendo as trece horas e trinta minutos do día catro de febreiro de dous mil dezaseis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria coa asistencia dos/as Sres/as Tenentes de Alcalde antes relacionados baixo a Presidencia do Sr. Alcalde Don Jorge J. Tuñas Caamaño actuando como Secretaria a titular da Corporación, Dona Asunción García Laseca.

Reunida a Xunta de Goberno Local, cos requisitos formais esixidos polo vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en particular co cuórum de asistencia necesario segundo dispón a referida norma, a Presidencia declara aberta a sesión , celebrándose de acordo coa seguinte Orde do Día:

PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 21 DE XANEIRO DE 2016.

Ó non haber intervencións a devandita acta é aprobada por unanimidade.

SEGUNDO.- ACTOS DE USO DO SOLO E DO SUBSOLO SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA E OUTRAS ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS.

2.1.- Habéndose advertido erro material no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 21 de xaneiro de 2016, (punto 2.2), a continuación procédese a transcripción do referido acordo, coa corrección que corresponde, en aplicación do art. 105.2, Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común:

Visto o escrito presentado por **Don Manuel Negreira Suárez**, con enderezo no lugar de Forniños nº 6, deste termo municipal, no que solicita licenza de segregación seguida de agrupación de parcelas e segundo o Proxecto de Segregación redactado polo Enxeñeiro Agrónomo, Don Jesús Francisco Nieto Pais. Visto o Informe emitido ó respecto polo Aparellador Municipal, Don José Luís Gómez Córes de data 25 de novembro de 2016, esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes

acorda APROBAR A CONCESIÓN DAS LICENZAS DE SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN SOLICITADAS dado que cumpren coas determinacións do Plan Parcial que desenvolve dito polígono, sendo a descrición a seguinte,

Descrición da finca que se quere segregar nº 522, en 522-A e 522 e da finca nº 520 á que se quere agrupar a parcela segregada 522-A é o resultado de ditas operacións.

1.- PARCELAS PRIMITIVAS OU DE PARTIDA

Finca nº 520, del P.G.C.P. de San Pedro de Xallas, terreno dedicado a labradío e monte, ó sitio de Fornos, cunha superficie de dúas áreas. Linda: Norte, con José Trillo Suárez (522); Sur, con María Josefa Negreira Suárez (518) y edificación, Leste, con camino; e Oeste, con camiño.

Está inscrita no Tomo 721, Libro 127, Folio 121, Finca 17531, 2ª inscrición. Título: pertécelle a Don Manuel Negreira Suárez según escritura de protocolización de partición da herdanza outorgada el 11 de agosto de 1998, có número 732 de protocolo.

A parcela esta clasificada no P.X.O.M. de Negreira de solo de núcleo rural e a calificación de solo de núcleo rural tradicional de casarío concentrado.

Finca nº 522, do P.G.C.P. de San Pedro de Xallas, terreno dedicado a monte, ó sitio de Fornos, cunha superficie de unha área e cuarenta centiáreas. Linda: Norte, con edificación; Sur, Domingo Negreira Suárez (520), hoxe Manuel Negreira Suárez; Leste, con camino e edificación; e Oeste, con camiño.

Está inscrita no Tomo 761, Libro 127, Folio 125, Finca 17535, 1ª inscrición. Título pertécelle a D. José Trillo Suárez según título adxudicado no proceso de concentración parcelaria de San Pedro de Xallas.

A parcela esta clasificada no P.X.O.M. de Negreira de solo de núcleo rural e a calificación de solo de núcleo rural tradicional de casarío concentrado.

PARCELAS RESULTANTES DA SEGREGACIÓN:

Parcela 522-A.

Procedente da división da finca nº 522 do P.G.C.P. de San Pedro de Xallas, ó sitio de Fornos, concello de Negreira. Monte, da superficie de vinte centiáreas. Linda: Norte, con resto da finca matriz de José Trillo Suárez (522), acabando en forma de vértice; Sur, Domingo Negreira Suárez (520), hoxe de Manuel Negreira Suárez; Leste, con resto da finca matriz de José Trillo Suárez (522); e Oeste, con camino.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Finca 522

Da concentración parcelaria de San Pedro de Xallas, Concello de Negreira. É resto de finca matriz tras segregación. Dedicada a monte, da superficie de unha área e vinte centiáreas. Linda: Norte, con edificación; Sur, con Domingo Negreira Suárez (520), hoxe de Manuel Negreira Suárez; Leste, con camiño e edificación; e Oeste, con camiño e finca segregada 522-A.

FINCA RESULTANTE DA AGRUPACIÓN

Finca 520

Da concentración parcelaria de San Pedro de Xallas, Concello de Negreira. Labradío e monte, da superficie de dúas áreas e vinte centiáreas. Linda: Norte, con José Trillo Suárez (522); Sur, con María Josefa Negreira Suárez; (518) e edificación; Leste con camiño e con José Trillo Suárez (522); e Oeste, con camiño.

A parcela ten a clasificación según o P.X.O.M. de Negreira de solo de núcleo rural e a calificación de solo de núcleo rural tradicional de casarío disperso.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.2.- Don José Ramón González Sanluís, con enderezo no Camiño Vello nº 9, desta Vila e termo municipal, **en nome e representación de Dona Raquel Ferreiro Castro**, presenta comunicación previa de actos de uso do solo e do subsolo para realizar obras consistentes en cambio de tarima en local (óptica), colocación de mobeis novos e portas lacadas e pintado do mesmo, sito na rúa do tambre nº 7 - baixo, desta Vila e termo municipal. Visto o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Córes de data 28 de xaneiro de 2016. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte:

Primeiro.- Proceder á toma de razón da Comunicación Previa formulada en base ó art. 194.5 da Lei Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Disposición derradeira Terceira da Lei 9/2013, 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpríranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte a Ordenanza Fiscal en vigor.

Cuarto.- Este procedemento non entra no dereito de propiedade e artículase sen prexuízo de terceiro, consonte establece no art. 6 da Ordenanza

Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013.

Quinto.- O prazo de inicio das obras é o establecido na Comunicación Previa.

Os dereitos derivados deste procedemento extinguiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas e, en todo caso, polo transcurso de dezaioito meses a contar dende o día seguinte ó do recibo da notificación deste acordo, sen dar remate ás obras comunicadas. (art.18 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013).

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.3.- Don Manuel Fernández Martínez, con enderezo no lugar de Nantón, 15149 – Cabana de Bergantiños, presenta comunicación previa de actos de uso do solo e do subsolo para realizar obras consistentes en recheo, desescombro e limpeza na edificación sita no lugar de Piaxe nº 5 – A Peña, deste termo municipal. Visto o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Córes de data 28 de xaneiro de 2016. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte:

Primeiro.- Proceder á toma de razón da Comunicación Previa formulada en base ó art. 194.5 da Lei Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Disposición derradeira Terceira da Lei 9/2013, 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpriranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira, en particular as condicións que sinala no seu informe o Aparellador Municipal:

* O recheo será en pranta baixa e no interior da edificación.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte a Ordenanza Fiscal en vigor.

Cuarto.- Este procedemento non entra no dereito de propiedade e articúlase sen prexuízo de terceiro, consonte establece no art. 6 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Quinto.- O prazo de inicio das obras é o establecido na Comunicación Previa.

Os dereitos derivados deste procedemento extinguiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas e, en todo caso, polo transcurso de dezaioito meses a contar dende o día seguinte ó do recibo da notificación deste acordo, sen dar remate ás obras comunicadas. (art.18 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013).

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.4.- Don Juan Carlos Forjan Cuns, con enderezo na rúa Cachurra nº 37 - 4º D, presenta comunicación previa de actos de uso do solo e do subsolo para realizar obras consistentes nunha reforma total das instalacións, ampliación do local hacia o fondo e dotación de ventilación, sito na rúa Camiño Vello nº 4 - baixo, desta Vila e termo municipal. Visto o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Córes de data 28 de xaneiro de 2016. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte:

Primeiro.- Proceder á toma de razón da Comunicación Previa formulada en base ó art. 194.5 da Lei Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Disposición derradeira Terceira da Lei 9/2013, 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpríranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte a Ordenanza Fiscal en vigor.

Cuarto.- Este procedemento non entra no dereito de propiedade e articúlase sen prexuízo de terceiro, consonte establece no art. 6 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013.

Quinto.- O prazo de inicio das obras é o establecido na Comunicación Previa.

Os dereitos derivados deste procedemento extinguiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas e, en todo caso, polo transcurso de dezaioito meses a contar dende o día seguinte ó do recibo da notificación deste acordo, sen dar remate ás obras comunicadas. (art.18 da Ordenanza

Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013).

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.5.- Don Julio Sánchez Agrelo, con enderezo na rúa Real nº 85, 15003 - A Coruña, **en nome e representación de R. Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A.**, presenta comunicación previa de actos de uso do solo e do subsolo para realizar obras consistentes en canalización de tubos de telecomunicacións para dar servizo á Unidade de Acción Formativa de Negreira, sita na rúa Campos, desta Vila e termo municipal. Visto o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Córes de data 27 de xaneiro de 2016. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte:

Primeiro.- Proceder á toma de razón da Comunicación Previa formulada en base ó art. 194.5 da Lei Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Disposición derradeira Terceira da Lei 9/2013, 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpríranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira, en particular as condicións que sinala no seu informe o Aparellador Municipal:

- Fíxase un Aval antes do inicio da obra, para responder da reposición dos servizos e infraestructuras afectadas polo importe de 12.341,46 €.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte a Ordenanza Fiscal en vigor.

Cuarto.- Este procedemento non entra no dereito de propiedade e articúlase sen prexuízo de terceiro, consonte establece no art. 6 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013.

Quinto.- O prazo de inicio das obras é o establecido na Comunicación Previa.

Os dereitos derivados deste procedemento extinguiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas e, en todo caso, polo transcurso de dezoito meses a contar dende o día seguinte ó do recibo da notificación deste acordo, sen dar remate ás obras comunicadas. (art.18 da Ordenanza



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013).

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.6.- Don Manuel Hombre Porto, con enderezo no lugar de Borreiros nº 28 - Logrosa, deste termo municipal, **en nome e representación da Asociación de Veciños S. Eutelo de Logrosa**, presenta comunicación previa de actos de uso do solo e do subsolo para realizar obras consistentes en rehabilitación do revestimento interior da Igrexa Parroquial, sita no lugar de Sta. Baia de Logrosa, deste termo municipal. Visto o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Córés de data 1 de febreiro de 2016, así coma a Resolución emitida pola Directora Xeral do Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 16 de decembro de 2015. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte:

Primeiro.- Proceder á toma de razón da Comunicación Previa formulada en base ó art. 194.5 da Lei Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Disposición derradeira Terceira da Lei 9/2013, 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpríranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira, en particular as condicións que sinala no seu informe o Aparellador Municipal, así coma Resolución emitida pola Directora Xeral do Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

- Deberán empregarse materiais e técnicas que garantan a conservación dos valores orixinais do ben e estean dirixidas por un técnico competente que, con carácter previo ao picado do recebo existente, realice catas encamiñadas a garantir a non existencia de pinturas murais.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte a Ordenanza Fiscal en vigor.

Cuarto.- Este procedemento non entra no dereito de propiedade e artículase sen prexuízo de terceiro, consonte establece no art. 6 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013.

Quinto.- O prazo de inicio das obras é o establecido na Comunicación Previa.

Os dereitos derivados deste procedemento extinguiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas e, en todo caso, polo transcurso de dezaioito meses a contar dende o día seguinte ó do recibo da notificación deste acordo, sen dar remate ás obras comunicadas. (art.18 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013).

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.7.- Visto o escrito presentado por **Don José Manuel Campos González**, con enderezo na Avda. de Barcala nº 2 - 1ºC, desta Vila e termo municipal, no que solicita información urbanística dos inmobles coa Referencia catastral nº 1514731NH2511N0001WH (vivenda) e 1514766NH2511S0001YQ (solar), sitos na Avda. de Barcala nº 36, testa Vila e termo municipal Visto o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Cores de data 27 de xaneiro de 2016, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, informa o seguinte:

Que o P.X.O.M de Negreira inclúe as parcelas no Polígono UE13 e no artigo 125 define os usos e niveis de intensidade correspondentes a dito polígono.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.8.- Visto o escrito presentado polo **Servizo de Xestión Tributaria da Deputación de A Coruña**, no que solicita información urbanística do inmovible coa Referencia catastral nº 4806714NH2540N0001IA, sito no lugar de Pontemaceira nº 12, deste termo municipal Visto o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Cores de data 29 de xaneiro de 2016, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, informa o seguinte:

- Que no Catálogo de Protección e dentro dos Bens Inmobles sitos nos núcleos rurais, inclúese na ficha nº 80, o conxunto da aldea de Pontemaceira coa Capela de San Brais, Palomares, Pazo amurallado, os xardíns e Ponte Medieval.
- No caso de Pontemaceira, considérase que o ámbito a protexer debe abarcar todo o conxunto da aldea.
- A protección que se lle outorga a estos béns inmobles situados en solo de núcleo rural, consiste na necesidade de que para a realización no propio ben ou na área de protección do elemento de calquer obra ou actividade das que o P.X.O.M, enumera coma suxeitas a licenza, será preciso un informe previo da Comisión Provincial de Patrimonio.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf., 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

2.9.- Dona M^a Esther Liñares Mayo, con enderezo en Avda. de Barcala nº 22 - baixo, desta Vila e termo municipal, presenta comunicación previa de apertura e/ou actividade de “Venda de pensos e polos”, sito no lugar de Avda. Barcala nº 23 – baixo esquerda, desta Vila e termo municipal. Visto o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luis Gómez Córes, de data 28 de xaneiro de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda proceder á toma de razón da apertura e desenvolvemento da actividade referida ós efectos dos artigos 24 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia e da Ordenanza municipal reguladora do procedemento de control do exercicio de actividades ou servizos suxeitos a comunicación previa ou declaración responsable.

Esta toma de razón está condicionada á presentación dun certificado emitido por empresa homologada do aillamento acústico do local.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.10.- Visto o escrito presentado pola **Consellería de Economía, Empleo e Industria relativa ó expediente N^o IN407A 2015/611-1** no que solicita se preste a conformidade ou oposición á solicitude de “Unión Fenosa Distribución S.A.” para á obra denominada “Cambio de sección NEG 812”, e segundo Separata ó Proxecto redactado polo Enxeñeiro Industrial Don Burkard Hecht Elorduy. Visto o Informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luis Gómez Cores de data 28 de xaneiro de 2016, esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **INFORMA** o seguinte: Que, por parte deste Concello, préstase conformidade á autorización solicitada. Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

2.11.- Dona Nuria Blanco Paz, con enderezo na rúa Lisboa – Edificio Area Central, Local 31 H-I-J Polígono Fontiñas, 15703 - Santiago de Compostela, **en nome e representación de Gas Galicia**, presenta comunicación previa de actos de uso do solo e do subsolo para realizar obras consistentes en canalización directa para suministro de gas natural, sita na rúa Avda. de Santiago nº 71, desta Vila e termo municipal. Visto o informe emitido polo Aparellador Municipal Don José Luís Gómez Córes de data 3 de febreiro de 2016. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda o seguinte:

Primeiro.- Proceder á toma de razón da Comunicación Previa formulada en base ó art. 194.5 da Lei Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Disposición derradeira Terceira da Lei 9/2013, 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Segundo.- En todo caso, cumpriranse as disposicións da normativa urbanística, na que se inclúe o Plan Xeral de Ordenación Municipal de

Negreira, en particular as condicións que sinala no seu informe o Aparellador Municipal:

- Fíxase un Aval antes do inicio da obra, para responder da reposición dos servizos e infraestructuras afectadas polo importe de 232,20 €.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe tributario que corresponda, consonte a Ordenanza Fiscal en vigor.

Cuarto.- Este procedemento non entra no dereito de propiedade e articúlase sen prexuízo de terceiro, consonte establece no art. 6 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013.

Quinto.- O prazo de inicio das obras é o establecido na Comunicación Previa.

Os dereitos derivados deste procedemento extinguiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas e, en todo caso, polo transcurso de dezaoto meses a contar dende o día seguinte ó do recibo da notificación deste acordo, sen dar remate ás obras comunicadas. (art.18 da Ordenanza Reguladora do Procedemento de Control do Exercicio de Actividades ou Servizos Suxeitos a Comunicación Previa ou Declaración Responsable, publicada no B.O.P de A Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2013).

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

TERCEIRO.- SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA QUE FORMULA DON JOSÉ RAMÓN PENA FERNÁNDEZ EN REPRESENTACIÓN DE DONA BLANDINA ALVITE PENSADO.- EXPEDIENTE Nº 163/2015.

Visto o escrito presentado por **Don José Ramón Pena Fernandez, en nome e representación de Dona Blandina Alvite Pensado**, con enderezo no lugar de Pesadoira nº 10, deste termo municipal no que solicita licenza de obra para ampliación de almacén de maquinaria agrícola, sito no lugar Pesadoira nº 10 deste termo municipal e segundo o Proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Don José Ramón Pena Fernández. Vistos os Informes emitido polo Asesor Xurídico Municipal, Don Javier C. Chantres, de data 21 de xaneiro de 2016 e o Arquitecto Municipal, Don Alfredo Varela Nogueira de data 15 de xaneiro de 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Conceder a Don José Ramón Pena Fernandez, en nome e representación de Dona Blandina Alvite Pensado a licenza de obra solicitada, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Segundo.- Condiciona-la licenza ó cumprimento das prescricións que figuran nas Normas Urbanísticas e no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira e ás condicións da licenza, en particular ás que se sinala nos devanditos informes:



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

- deberá aportar antes do inicio das obras de ampliación, os oficios de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde.

Terceiro.- A persoa interesada deberá aboar o importe que corresponda, segundo a Ordenanza fiscal en vigor, tanto polo concepto de taxa por licenza urbanística como polo concepto do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, respectivamente.

A súa eficacia queda condicionada ó cumprimento das seguintes condicións xerais:

1.- No caso de obras maiores, deberán axustarse ó planeamento do Técnico Municipal, sendo obriga do promotor e contratista o valado da zona, previa a solicitude de licenza municipal.

2.- A execución da obra axustarase ó solicitado e ós replanteos e croquis que acompañan a solicitude. Calquera modificación suporá a necesidade de nova licenza.

3.- A licenza outórgase a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e deberán cumprirse as obrigas establecidas por outros Organismos.

4.- A presente licenza ensinarase a petición de calquera Axente Municipal.

5.- As fachadas das vivendas quedan suxeitas á servidume de instalacións de pracas e calquera outro tipo de instalacións que o Concello dedique a fins públicos.

6.-Deberán cumprirse as seguintes obrigas no caso de produción de residuos de construción ou demolición:

- Manter a obra en bo estado de orde e limpeza.
- Eliminar ou evacuar os residuos e escombros.
- Xestionar os propios residuos ou entregalas a un xestor autorizado para a súa valorización e/ou eliminación.

O anterior indícase consonte ó establecido nas disposicións seguintes: artigo 9 da Lei 10/1998, de Residuos; o artigo 10 do RD 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e o Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula o Réxime Xurídico da Producción e Xestión de Residuos e o Rexistro Xeral de Productores e Xestores de Residuos de Galicia.

7.- A licenza outórgase cos seguintes prazos:

- Seis meses para comeza-las obras.
- Tres anos para rematalas.

Os presentes prazos reduciranse á metade cando se trate de obras menores para as que non se esixe proxecto.

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

CUARTO.- RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE DEREITOS E OBRIGAS NA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL.

Á vista dos correspondentes expedientes, a Xunta de Goberno Local, adoptou, por unanimidade, os seguintes acordos:

a) Apróbanse as seguintes facturas:

19	FERRETERIA FERREIRO	30/11/2015	9709	1.447,86
44	CORZAN	31/12/2015	1214/A	336,02
45	FERRETERIA FERREIRO	31/12/2015	9774	313,51
52	O NOSO LAR (ALBERTO LONGUEIRA GERPE)	05/12/2015	769	800,00
53	O NOSO LAR (ALBERTO LONGUEIRA GERPE)	30/12/2015	770	1.040,00
58	CAFÉ BAR ORIEL (LEIS VILLAR S.C.)	31/12/2015	14	245,08
70	CONSUELO SANDE SUAREZ	07/01/2016	1	1.000,00
71	CASA BARQUEIRO	18/12/2015	253857	173,30
89	PANADERIA XALLAS	30/11/2015	614	235,40
92	REMUIÑO SERVICIOS	15/12/2015	15/506	1.234,18
93	REMUIÑO SERVICIOS	15/12/2015	15/507	285,88
112	CORZAN	13/01/2016	9/A	684,62
133	U.T.E. MUNDOSENIOR	21/01/2016	A/0000000053	14.616,00
134	U.T.E. MUNDOSENIOR	21/01/2016	A/0000000054	210,00
135	U.T.E. MUNDOSENIOR	29/01/2016	A/0000000066	135,00
136	COMERCIAL GRAN VIA	20/01/2016	43	690,00
137	COMERCIAL GRAN VIA	19/01/2016	BR0036	812,00
138	BREOGAN DEPORTES	14/01/2016	3/2016	600,04
139	BREOGAN DEPORTES	25/01/2016	5/2016	581,31
140	J. ANTONIO SUAREZ OTERO	21/01/2016	17	65,34
141	ESCENOSSET	21/01/2016	3/16	423,50
142	HERMANOS FORJAN LUEIRO	31/12/2015	1080	567,55
143	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	31/12/2015	4001698946	369,77
144	CLUB DEPORTIVO XIMNASIA RITMICA COMPOSTELA	26/01/2016	1	430,00
145	PROMOCION ORTOÑO	31/12/2014	ALQ/19	605,00
146	FERRETERIA FERREIRO	31/01/2016	9818	1.071,96
147	SILVIA CAPELO ALVAREZ	01/02/2016	12	580,00
148	ASOCIACION MONITORES A MAMOA	01/02/2016	4	2.580,00
149	JOSE ANGEL BUCETA VILLAR	02/02/2016	B/2016/16	605,00
150	JOSE ANGEL BUCETA VILLAR	02/02/2016	B/2016/17	90,75
151	JOSE ANGEL BUCETA VILLAR	02/02/2016	B/2016/18	580,80
152	PROMOCION ORTOÑO	31/08/2015	ALQ/27	596,06
153	CAFÉ BAR ORIEL (LEIS VILLAR S.C.)	31/01/2016	16	176,80
154	CORZAN	31/01/2016	43/A	164,08
155	CORZAN	03/02/2016	83/A	439,35
156	JOSE ANGEL BUCETA VILLAR	03/02/2016	B/2016/20	222,64
157	CLUBE ATLETISMO NEGREIRA	03/02/2016	2/2016	600,00
158	SANDRA LESTA CHAPELA	04/02/2016	2016003	550,00

b) Apróbase o pago das seguintes facturas domiciliadas:

REX.	INTERESADO	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
	BBVA	Comisión 75 recibos música	27,95 €	011-359.00
	BBVA	Comisión 40 recibos gardería	14,52 €	011-359.00
	BBVA	Comisión 22 recibos SAD	7,99 €	011-359.00
	Allianz Seguros	Seguro vehículo obras	222,79 €	453-224.00
	Allianz Seguros	Seguro vehículo obras	664,41 €	453-224.00



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf., 981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.es> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

	Allianz Seguros	Seguro Protección Civil	86,11 €	132-224.00
	Mapfre	Seguro persoal concello	1.086,94 €	920-224.00
	C. Prop. As Brañas	Cota comunidade propietarios	55,06 €	231-212.00
116	R	Telefonia	30,25 €	231-222.00
			92,57 €	323-222.00
			38,08 €	334-222.00
			30,25 €	920-222.00
			127,60 €	920-222.99
117	R	Telefonia	101,64 €	334-222.00
			182,06 €	491-222.00
			3,02 €	920-222.00
118	R	Teléfono Casa da Cultura	52,66 €	334-222.00
	Telefónica	Fax radio	4,00 €	491-222.03
	Telefónica	Fax Concello	4,00 €	920-222.99
128	Telefónica	Fax Concello	4,00 €	920-222.99
	Movistar	Teléfono Escola Infantil	4,00 €	323-222.00
132	Movistar	Teléfono Escola Infantil	4,00 €	323-222.00
	Telefónica	Teléfono Casa da Cultura	55,15 €	334-222.00
	Telefónica	Teléfono Radio Negreira	8,00 €	491-222.00
130	Telefónica	Teléfono pedagogía-logopedia	25,91 €	231-222.00
	Telefónica	Teléfono pedagogía-logopedia	25,91 €	231-222.00
	Telefónica	Teléfono CIM	4,00 €	231-222.00
131	Telefónica	Teléfono CIM	4,00 €	231-222.00
129	Telefónica	Fax radio	4,01 €	491-222.03
	Enor Ascensores	Conserv. ascensor Concello	231,09 €	920-212.00
87	Proel Ascensores SL	Ascensor Centro Saúde	260,40 €	312-212.00

Visto o reparo non suspensivo presentado pola Intervención, por infracción do procedemento de pago, a XGL dase por enterada e procede a levantar o mesmo.

c) Apróbase a liquidación dos seguintes pagos a xustificar:

Nº	RESPONSABLE	CONCEPTO	IMPORTE	DEV.	PARTIDA
1	Encarna Rodríguez Gómez	Gastos Registro	340,83 €	0,00 €	920-225.00
2	Marcos Pérez Lourido	Excursión patinaxe sobre xeo	350,00 €	74,00 €	340-226.99
3	Encarna Rodríguez Gómez	Apartado de correos	62,00 €	0,00 €	920-225.00
30	Marcos Pérez Lourido	Carreira Popular 2015	10.000,00 €	29,21 €	340-226.99
35	Jorge Jesús Tuñas Caamaño	Festival Nadal	200,00 €	0,00 €	334-221.99
37	Encarna Rodríguez Gómez	Gastos Notaría compra fincas	93,88 €	0,00 €	920-225.00
38	Encarna Rodríguez Gómez	Gastos Notaría compra fincas	85,59 €	0,00 €	920-225.01
39	Jorge Jesús Tuñas Caamaño	Actuación baile Nadal Maiores	302,50 €	37,50 €	334-221.99
40	Belén Quintana Forján	Material Festival Nadal	30,00 €	0,00 €	323-221.99

d) Apróbase o pago das seguintes indemnizacións por razón do servizo:

Interesado	Concepto	Itinerario	Importe
Rosa Mª Fuentes Cambeiro	Asistencia a actividade formativa para CIMs	Santiago	8,44 €
Mª Carmen Miguez Mayo	Talleres maiores decembro 2015	Int. Concello	82,90 €
Mª Carmen Miguez Mayo	Talleres maiores xaneiro 2016	Int. Concello	90,19 €

Jesús Miguel Campos Lueiro	Xornadas Sicalwin (Peché 2015-Apertura 2016) 2 días	A Coruña	111,45 €
----------------------------	---	----------	----------

e) Apróbase pago dos seguintes gastos suplidos:

RESPONSABLE	CONCEPTO	IMPORTE
Encarna Rodríguez Gómez	Sobre regalo grande	2,15 €
Encarna Rodríguez Gómez	Nota simple informativa Rex. Propiedade	3,19 €
Encarna Rodríguez Gómez	2 sobres Modelo 600	2,20 €

f) Apróbase o recoñecemento da antigüidade ó seguinte persoal municipal:

Nome	Posto	Trienio
Juan José Ardións Rey	Chófer tractor desbroz.	5º
Encarna Rodríguez Gómez	Alguacil - Porteira	11º

g) Apróbase a devolución do seguinte aval:

INTERESADO	OBRA	AVAIL	IMPORTE
Juan Freire Vidal	Obra para conexión saneamento en Gonte	320150001228	600,00 €

h) Apróbase a concesión da seguinte axuda de emerxencia social:

- M^a de los Ángeles Varo Madruga, con DNI 45.595.472-P, 250,00 €, para atender necesidades de pago de vivenda e subministros básicos.

i) Apróbase a anulación dos seguintes recibos da taxa por recollida do lixo, e baixa no correspondente padrón:

Nº	Titular	Enderezo	Epigrafe	Ano	Causa
253000749147	Rubén Américo Luna Garza	Av. Santiago 73 -1	Vivenda	2015	Pago duplicado
253000748699	Emilio Abad Álvarez	Av. Brañas 33 4º A	Vivenda	2015	Pago duplicado

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidencia deu por rematado o acto, finalizando a sesión ás trece horas e cincuenta minutos, de todo o que eu como Secretaria certifico.-

**Vº e Prace
O Presidente**



A Secretaria

